

Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. O libro *Polaroid* a verdade e que me gustou bastante, aínda que é difícil facer un comentario, xa que está formado por relatos curtos, e agás a serie da "Apoose do churrasco" e o do Minotauro, non hai nada que poida comentar concretamente. Gustáronme a maioría das historias, porque son sinxelas e cotiás, poden pasarlle a calquera: dende a historia do xersei que atrapaba ó que o levaba posto (é un exemplo un pouco malo xa que un xersei non te pode aforcar), ata o da muller que agochaba no seu armario ó seu amante. Gustáronme algúns tan sinxelos como o de "Interior", no que se vai describindo pouco a pouco a alguén que toma o café, como fuma un cigarro, como pasa a folla do libro que está a ler, etc. Sen embargo, e aínda que son os máis extensos, o da "Apoose do churrasco" non me convenceu demasiado, excepto o capítulo desa serie que se chama "Kamikazes de papel", no que defende a Galiza. O relato do Minotauro tampouco me agradou demasiado, agás o capítulo do final no que o autor conta moi ben a confusión que sente Teseo coa dúbida de se el é o Minotauro ou non. En resumo, o libro está bastante ben, excepto por eses dous contos que non me chistaron moito. **(Cora)**

2. O libro de *Polaroid* é moi interesante xa que para alguén da miña idade é moi interesante. A maioría das historias gustáronme sobre todo a da muller co caixeiro automático e a das dúas mulleres que practican o sexo. As historias son moi boas xa que contan cousas que poden ocorrer na realidade e que á mesma vez son imposibles ; cousas como a da muller que se namora dun caixeiro automático, que é moi curioso ou o do home co armario. **(José Manuel)**

3. A verdade é que *Polaroid* é un libro que, aínda que non me encantou, tampouco me desgustou do todo. É difícil facer un comentario, porque son moitos relatos, que case non teñen nada en común, quitando o final aberto, e que algúns son continuacións dos outros. Un dos que máis me gustou é o do xersei que ía afogando á muller que o levaba posto, non sei exactamente por qué me gustou ese relato e non outro, pero páreceme que este expresa moi ben a angustia da muller, e ao menos é unha historia orixinal. Tamén me gustou o do camareiro que se vai do café onde está a proba porque unha moza que di que a deixou embarazada non o deixaba traballar tranquilo. **(Clara)**

4. O libro *Polaroid* gustoume bastante, pero gustárame que houbera máis relación entre os relatos, xa que o único que teñen en común é a brevidade e que non teñen un final. O contido do libro está relacionado co título porque son historias que poderían ser extraídas da antiga cámara polaroid e relatadas como simples fotos, case non teñen argumento. O que máis me chama a atención deste libro é que está composto por historias de todo tipo, relatos moi realistas que amosan unha sociedade cruel e outras un pouco fantásticas, ou, polo menos, parece ao non rematar cunha conclusión que o explique todo. Un dos relatos que máis me gustou foi o de *Carlos, meu amor*, onde un home se namora dunha prostituta pero é demasiado tímido para confesarlle. Dalgunha maneira, esta historia non remata inconclusa, xa que hai un transcurso de tempo onde a muller evoluciona e a súa vida vai empeorando. Aínda que creo que os relatos son demasiados breves,

deixan espazo para a imaxinación e teñen distintas interpretacións. En conclusión , aínda que non foi un libro dos que máis me gustou, estivo ben lelo porque nunca lera un libro deste tipo. (Teresa)

5. *Polaroid* é un libro que está composto por diferentes relatos curtos, que salvo algunha excepción, non teñen relación entre eles. Estes relatos caracterízanse pola súa brevidade e pola ausencia dunha situación espacial e temporal concreta. Algúns falan de situacións reais e cotiás, que aparentemente carecen de importancia e poderían sucederlle a calquera (“Chaman á porta”, “O quiosco de Mauro”, “Interior”,...). Outros narran situacións irrealis e fantásticas que non teñen explicación lóxica algunha (“Caín”, “Abel”, “Desexo electrónico”,...). Non obstante, todos coinciden na ausencia dun final propiamente dito, xa que deixan a historia no aire. Trátase dun libro que narra accións totalmente intranscendentes, que cando suceden nos pasan desapercibidas pero que ao velas escritas cun estilo tan claro, directo e sinxelo fan que o lector se meta na historia e se sinta, non so identificado cos protagonistas, senón parte da trama. O libro gustoume, sobre todo, porque no conxunto de relatos, pode apreciarse a visión que ten o autor do seu entorno e dos diferentes tipos de persoas e formas de pensar que compoñen a nosa sociedade. O único aspecto negativo destacable da obra é a cantidade de relatos cunha duración inferior á dunha páxina nos que parece que o autor solta o primeiro que se lle ocorreu, como pode ser “Mellor facelo”, “Ti” ou “Ai si, ho”. (Iago)
